



CONCELLO
DO ROSAL
(Pontevedra)

DON CARLOS PIÑEIRO SARMIENTO, SECRETARIO DO CONCELLO DO ROSAL, (PONTEVEDRA)

CERTIFICO: Que en sesión ordinaria da Xunta de Goberno celebrada o 13 de novembro de dous mil vinte, adoptouse, por unanimidade dos presentes, entre outros, os acordos que a continuación se transcriben literalmente:

“APROBACIÓN DO EXPEDIENTE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE CONTRATO ADMINISTRATIVO DE OBRAS DE “CAMPO NOVO: ECOPARQUE INFANTIL EN MARTÍN, DE O ROSAL” MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO. TRAMITACIÓN ORDINARIA

Á vista da proposta de Secretaría de data 12 de novembro de 2020:

“PROPOSTA DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE CONTRATO ADMINISTRATIVO DE OBRAS DE “CAMPO NOVO: ECOPARQUE INFANTIL EN MARTÍN, DE O ROSAL” MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO. TRAMITACIÓN ORDINARIA.

Examinado o expediente incoado, por providencia da Alcaldía de data 28 de outubro deste ano para contratar, baixo a modalidade de contrato administrativo de obras de “Campo Novo: Ecoparque Infantil en Martín, de O Rosal” por procedemento aberto simplificado, tramitación ordinaria.

Vista a Memoria da Alcaldía, o prego de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas incorporadas ao expediente e que haberán de rexer para a contratación.

Visto o informe de Secretaría de data 12 de novembro.

Visto o proxecto redactado pola Arquitecta María Fandiño Iglesias, que conta cun orzamento de execución por contrata de OITENTA E SEIS MIL CATROCENTOS NOVENTA EUROS E SETENTA E OITO CÉNTIMOS (86.490,78 €), IVE incluído (71.479,98 € + 15.010,80 € de IVE) (Investimento aprobado e incluído no Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2020).

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno por delegación da Alcaldía (Decreto de 21 de xuño de 2020), de conformidade co disposto na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Por iso, de conformidade co establecido no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o que subscribe eleva a seguinte proposta de resolución:

PRIMEIRO.- Aprobado o proxecto redactado pola Arquitecta María Fandiño Iglesias, que conta cun orzamento de execución por contrata de OITENTA E SEIS MIL CATROCENTOS NOVENTA EUROS E SETENTA E OITO CÉNTIMOS (86.490,78 €), IVE incluído (71.479,98





CONCELLO
DO ROSAL
(Pontevedra)

€ + 15.010,80 € de IVE) (Investimento aprobado e incluído no Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2020)

SEGUNDO.- Aproba-lo expediente de contratación, baixo a modalidade de contrato administrativo de obras de “CAMPO NOVO: ECOPARQUE INFANTIL EN MARTÍN, DE O ROSAL por procedemento aberto simplificado, tramitación ordinaria.

TERCEIRO.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e técnicas que haberán de rexe-la contratación do servizo, mediante procedemento aberto simplificado.

CUARTO.-Aprobar o gasto correspondente:

<i>Distribución plurianual anualidades e aplicacións</i>	<i>IMPORTE</i>
2020-171 / 61900	56.690,78 euros
2021-171 / 61900	29.800,00 euros

De conformidade co artigo 174 do TRLHL, a autorización ou realización destes gastos de carácter plurianual subordínase ao crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos.

QUINTO.- Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

SEXTO.- Publicar no perfil de contratante toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas. A documentación necesaria para a presentación das ofertas ten que estar dispoñible o mesmo día de publicación do anuncio de licitación

SÉTIMO.- Designar aos membros da mesa de contratación e publicar a súa composición no perfil de contratante:

- Presidente/a: Alcaldesa-Presidenta do Concello de O Rosal.
- Vogais: Arquitecto técnico, Secretario e o Interventor da Corporación.
- Secretario/a: funcionario/a de Secretaría, que dará fe do acto.

OITAVO.- Dispoñe-la apertura do procedemento de adxudicación.”





CONCELLO
DO ROSAL
(Pontevedra)

Visto o informe da Intervención Municipal de data 12 de novembro e incorporado ao expediente informe técnico municipal de data de hoxe acreditativo da viabilidade de proxecto.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda a aprobación da proposta nos seus xustos termos e aos efectos oportunos.

E para que conste, expido a presente, de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde Presidente.

V. PRACE
A ALCALDESA

O SECRETARIO

Documento asinado electrónicamente á marxe



Cod. Validación: 6JCSAT5GTK72Y6E-XYXDKJMHV | Corrección: <https://rosal.sedelectronica.es/>
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3